

# LENDAS GALEGAS



**SEMANA DO LIBRO**

**23 de abril**

**5º e 6º Educación Primaria**

# O MESTRE MATEO


## Santiago de Compostela (A Coruña) :

Dentro da incomparable obra de arte en pedra que é a catedral de Santiago, a xoia mais prezada é o Pórtico da Gloria, recoñecido como o mais notable monumento da arte cristiá do século XII. O autor desta marabilla foi o escultor e arquitecto Mateo.

Ó pé da columna central do Pórtico, pola súa banda posterior, Mateo esculpiuse a si mesmo, axeonllado en actitude humilde, cos ollos postos no altar do Apóstolo. Esta figura é coñecida popularmente como "o santo dos croques", alcume que lle vén dos croques que na súa cabeza dan os visitantes coa testa para que se lles transmita unha chispa do xenio que tivo o inmortal.

Sobre o "Santo dos croques" hai quen conta que, cando estaban a piques de rematalas obras, o arcebispo fíxolle unha visita o escultor. Unha vez que escoitou as súas explicacións quedou mirando para o arco central, presidido pola figura de Cristo, rodeado dos catro evanxelistas e decatouse de que alí había unha figura da que Mateo non lle dera ningunha explicación.

Naquela estatua quixo representar o arrepentimento pola ousadía que o levara a facerse figurar a carón de Deus Fillo, e así, a través dos séculos, o sorriso humilde de Mateo segue a pregalo perdón pola súa desculpable arroutada de orgullo.



© 2007 XOAN ARCO DA VELLA

# A MEIGA E O PESCADOR

## Corcubión (A Coruña)

Conta a lenda que en Corcubión había un pescador fermoso co que todas as rapazas do país querían casar. Un día foi a visitar a uns parentes e tropezou coa meiga e esta pediulle que se casara con ela. O pescador díxolle que non e a meiga respondeulle que se non casaba tería mala sorte.



O pescador non fixo caso marchou para a casa. Alí tiña que prender o lume para facer a cea pero por moita leña e chisqueiro que utilizara non era posible acendelo. Ao día seguinte ergueuse para ir ao mar, pero pronto sentiu un sopor que lle andaba na cabeza e deitouse a durmir na barca. De repente oíu unha voz que dicía - *que perniñas tan boas, que coxiñas tan boas tes, trae a machada para que lle corte as pernas e as coxas....* Colleu tanto medo que marchou correndo para a casa.

O día seguinte volveu tropezar ca meiga que lle repetiu “E agora casaras comigo?” O pescador volveu dicirlle que non e foise pescar. No fondo do mar viu un cofre con ouro e colleuno. Cando o abriu comprobou que eran pedras volveu escoitar a voz que dicía - *quen demasiado ambiciona queda sen nada.*

Foise para casa e estivo varios días con febre. Cando se recuperou tropezou de novo coa meiga, que lle repetiu o mesmo - *e agora?*’ pero o pescador volveuse negar. Entón na herba viu algo brillante, era un corredor. Meteuse polo furado e dentro unhas mans invisibles agarrábano contra o chan. Unha de esas mans colleu un machado mentres lle dicía - *que cabeciña tan boa.* O pescador pediu “AUXILIO!” e a meiga colleu o machado e as mans desapareceron. A meiga quixo preguntarlle de novo pero o pescador, sen deixarlle acabar, dixo *SI!!* .

E así foi como casaron e tiveron moitos fillos e fillas.

# A LAGOA DE ANTELA

## A Limia (Ourense)

A lenda conta que, no lugar no que está hoxe o lago, había unha cidade na que os seus veciños carecían de caridade. Un día Xesús viaxou para castigalos e pediulles esmola. Todos se negaron agás unha anciá que lle deu esmola e aloxamento.

A mañá seguinte, Xesús, ensinoulle a anciá o que fora da cidade. Esta sorprendeuse porque esta desaparecera e no seu lugar había unha lagoa. Ninguén se salvara, agás ela.



# A LOBA BRANCA

## O Courel (Lugo)

Preto dunha aldea do Courel vivía unha manada de lobos que tiñan unha enorme loba branca.

Un día os lobos levaron varios tenreiros dunhas cortes, así que a xente da aldea decidiron dar unha batida de lobos. Cando os cans deron coa manada, a gran loba branca abateuse contra eles, aínda que a loba conseguiu matar algún, non puido librarse das escopetas. Os homes arrincáronlle a súa pel, pensando que a poderían vender pola súa rara cor branca.

Esa noite a xente espertou aterrada polos ouveos dos lobos. Así que os homes saíron coas escopetas para matar os lobos, pero o único que vían eran sombras desapareceran escuridade.

Aínda que os homes lles deran caza aos lobos todas as noites escoitábanse os seu ouveos. Ata que decidiron buscar unha opción mais prudente que matalos. Entre as voces dos campesiños se escoitou dicir a unha muller:

-Veñen pola Loba!!... Levade a pel ao claro que hai no medio do bosque.

O home que a matou ordenoulle a un cazador que a levara a pel a aquel lugar. E así foi como os ouveos dos lobos cesaron, e nunca más volveron a ver a aquela manada de Lobos.



# O LAGO DE DONIÑOS

## Ferrol (A Coruña)

Fai anos, había un home percorrendo e pedindo algo para comer pola cidade de Valverde. Nas diferentes casas dicíanlle - "Váíase!, eu non podo darche nada". E así varias veces ata que chegou a cada dunha señora que lle dixo que non tiña nada para darlle, pero que estaba facendo unhas boliñas ao forno. Esperou na porta a que rematara e a señora deulle un anaco.

O home, que era Xesús díxolle:


- Mira señora, hai xente moi mala, vai por alí arriba e non mire atrás.
- E as miñas criaturas? preguntoulle
- Non te molestes, déixaas polo camiño, que deus xa gobernará.

Entón el marchouse e ela foi cara arriba. Máis tardes escoitou un ruído, deulle un desmaio e morreu. Despois diso quedou todo inundado, pero as criaturas agarráronse ao berce e salvaranse. E por iso ven o nome de Doniños.



# SANTA TRAHAMUNDA

Poio (Pontevedra)



Santa Trahamunda foi unha monxa que vivía no convento de San Martiño, en San Beito.

Os mouros, que invadían España, chegaron a Galicia e levaban ás mozas como regalo para o seu sultán.

Atopábase, un día, Trahamunda alindando as ovellas na xunqueira e chegaron os mouros. Como era moi fermosa, levárona para o sultán. Ela negouse e foi encerrada nun calabozo.

Así pasou o tempo, ata que chegou o día de San Xoán. Trahamunda púxose moi triste. Acordábase das irmás e sentía ganas de volver a Poio. En soños aparecéuselle un anxo que lle puxo unha poliña na palma da man. Cando espertou atopouse nun prado xunto ó convento. Sentiu unha gran ledicia e alí mesmo plantou a palma que, co tempo, foi medrando. Dende entón aquel prado chamouse Prado da Palma.

# A CIDADE ASOLAGADA DE BOEDO

## Guitiriz (Lugo)

Polo pobo de Boedo pasou a Familia Sagrada pedindo comida. Ninguén lla quería dar agás unha muller que os quería atender pero non tiña comida. De súpeto a Virxe díxolle:

- Faga un ha torta coa cinza.

A muller ao principio negouse dicindo que non podía ser; pero a fin, fíxoo. Entón a Virxe díxolle:

- Próbea señora, é tan certo que é torta cocida de trigo como que a cidade de Boedo está asolagada.

Dise que desde entón escóitanse campás e un ruído que foi esconxurado por un cura, pero aínda hai un sitio ao que lle chaman o “Pozo da Campá”





# O LOBO DA XENTE DE PRADO

## Viana do Lobo (OURENSE)

O outro lobo da xente, famoso en terras de Viana, é o lobo da xente de Prado. Trátase dun mozo que nunha ocasión estaba cortando mulime en compañía do seu pai e, chegada a hora do xantar, sentáronse a comer un anaco de pan, dicindo o fillo:

- O que eu comía de boa gana a estas horas era unha miga de carne, o pan seco non entra ben.

O pai lle contestou:

- Nunca falto de carne te vexas. Aínda lobo da xente te volvas, para que nunca che falte.

Nese mesmo día desapareceu, comezando as súas malfeitorías aterrorizando á comarca polo grande número e vítimas que enguliu.



# O ENCANTO DO CASTRO DE ELVIÑA


## San Vicente de Elviña ( A Coruña )

Todos os veciños da bisbarra saben do encanto do Castro de Elviña porque alí aparecían uns mouros que daban moitas onzas ós veciños que lles levaban gando , leite ou manteiga.

Un día, hai moitos anos, un rapaz de Someso fíxose co libro de San Cibrao e díxolle ao seu amigo que quería ir con el levantar o tesouro.

Postos de acordo, os dous homes, fóronse antes do raiar do sol camiño das croas e, puxéronse a ler. Pero trabucouse e leu ó dereito, como é mandado a os cristiáns , e non ó revés , como tiñan que facer. Daquela levantouse algo da terra que nunca souberon o que foi , se unha ramallada de vento ou unha forza estraña e misteriosa , O que si souberon é que o que fose levouno ata un prado preto das casas onde vivían.

Gañaron moito medo e correron moi to perigo. Nunca souberon dicir que cousa fora nin como acontecera. Pero por moito tempo ó pechar os ollos volvía a eles aquela sensación de caer no buxán. Ademais votaron moitos días entre a vida e a morte , de tal forte pancada como levaron ao bater no chan .



# OS LOBOS DO CRUCEIRO DA GÁNDARA

## A Estrada (Pontevedra)

No lugar de Cerqueiras, na parroquia de santa Cristina de Veá, concello de A Estrada, e de fronte da capela da Gándara atopase un cruceiro barroco de boa parte arte popular.

Conta a lenda que os veciños do lugar cando o lugar de Cerqueiras era todo unha carballeira, había moitos lobos nel, e certo día as feras levaron unha meniña. Os pais buscaron sen atopala por ningures. Acudiron entón á Virxe e cando volveron buscar deron coa nena viva e san, acariñando un lobo morto que tiña á beira. Os pais, agradecidos, fixeron erguer o cruceiro.



# A SANTA COMPAÑA

## Carra (A Coruña)

Unha vez un pai e un fillo, que viñan dun viaxe, pasaron cerca dunha igrexa. Eran as doce e estaba pasando a SANTA COMPAÑA. Mentres fuxían o pai caeu e puxérono a cargar a cruz. Tardou tres días en morrer. O neno encontrárono durmido ao pé do cruceiro e pouco máis durou. Nunca souberon o que pasou.

O único que saben é que o que vai coa Santa Compañía pouco tarda en morrer, pois co seu rudo traballo de pola noite, perde a cor e vai esmorecendo cada día máis, mirándose pouco a pouco.



# OS AVISOS DA MORTE

## Lugo

Un rapaz atopouse coa morte e fixéronse moi amigos. Entón o rapaz díxolle a morte que xa que eran amigos, que lle podía pedir un favor: tiña que avisar antes de ir a por el, é a morte aceptou. Foron pasando os días e non recibira ningún aviso da morte. Pero de súpeto presentouse a morte e díxolle:

- Agora xa vas indo vello.

O home asustado díxolle que non era o acordado. E respondeulle

- ¿Branqueouche o pelo?

- Branqueou

- ¿Caéronche os dentes?

-Caeron

- ¿Cansáronche as pernas?

-Cansaron

-¿Perdiches as forzas?

-Perdín

-E logo, ¿que máis avisos querías?



# A PONTE SOBRE O RÍO EUME

## *Pontedeume (A Coruña):*

Hai unha lenda que di que a ponte sobre o río Eume foi feita por Satán soamente nunha noite.

A historia conta que un rapaz chamado Ledán afogara no río, nunha noite de treboada, cando ó atravesaba para ir ver a súa moza. Ela chamábase Minla, era filla dos condes de Andrade e tamén moi fermosa.

Ao escoitar berros de agonía a moza deuse conta do que lle pasara e promete a súa alma ó demo e dille que ten que construír unha ponte para poder cruzar e dese xeito velo corpo do seu amado morto.

A ponte foi chamada "Ponte do Demo", pasando posteriormente pola forma "Pontedemo", ata chegar á actual "Pontedeume".

